



CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS VIGUESES E
VIGUESAS DE BASE DE MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS
TEMPADA 2015/2016

-BASES DA CONVOCATORIA-

OBXECTO

A concesión de axudas a deportistas vigueSES e vigueSAs de base de modalidades individuais que auguren unha proxección inmediata ou futura para o deporte de alta competición, acreditando unha calidade inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva.

FINALIDADE

Consolidar a progresión dos rendementos deportivos, destinándose a sufragar en parte os gastos ocasionados durante o período de adestramento, competicións, perfeccionamento e adquisición de material técnico durante a tempada 15/16 (dende o 1 de xullo de 2015 ao 30 de xuño de 2016).

BENEFICIARIOS/AS

Deportistas que participen en competicións de ámbito estatal e internacional nados dende o 1 de xaneiro de 1993.

CONTÍA

Cada unha das axudas concedidas contará cunha dotación máxima de 1.000 € brutos; cun total de 20.000 € en axudas. Suxeitas á retención correspondente por lei.

DOCUMENTACIÓN

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se facilitarán nas oficinas da Fundación VIDE; xunta coa seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada da licenza federativa da tempada 2015/2016.
- Fotocopia do DNI do/a deportista solicitante e do/a representante legal no caso de menor de idade.
- Volante de empadramento en Vigo, como mínimo dende o 1 de xaneiro de 2014 (www.vigo.org)
- Certificado da titularidade da conta bancaria onde se solicita o ingreso do importe da bolsa.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das solicitudes será dende o 19 de outubro ao 2 de novembro de 2016, ambos inclusive. A solicitude xunto coa documentación deberá presentarse nas oficinas da Fundación VIDE.

REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, poderá requirirse ao solicitante para que, no prazo improrrogable de 7 días naturais, proceda a emenda de erros ou presentación a maiores a documentación que se considere necesaria. Transcorrido dito prazo sen emenda terase ao interesado por desistido da solicitude.

CRITERIOS DE CONCESIÓN E VALORACIÓN

Consideraranse os méritos obtidos polos/as deportistas durante a tempada 2015/2016. E terase en conta a modalidade deportiva de que se trate e as dificultades para acadar méritos na mesma.

Contemplase a posibilidade de que a beca concedida sexa compartida en dúos, tríos ou cuartetos.

Serán rexeitadas as solicitudes de deportistas beneficiarios das subvencións dinamizadas pola concellería de deportes orientadas a potenciar programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel de carácter internacional.

PROCEDEMENTO

A Comisión de Valoración está integrada polos membros do Comité Executivo da Fundación Vigo en Deporte; e cun prazo para resolver non superior a un mes a partir da data final de presentación de solicitudes.

OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

Destinar a axuda aos fins para os que foi concedida; prestar a súa colaboración e imaxe cando así se solicite por parte da Fundación VIDE e do Concello de Vigo; e facer unha axeitada publicidade da Fundación VIDE e do Concello de Vigo durante as competicións ou manifestacións deportivas.